

FESTA do NADAL



VENRES, 20 DECEMBRO

As 18:00 no pavillón
EXHIBICIÓN de XIMNASIA RÍTMICA.

A continuación no Salón de Actos
ENTREGA dos PREMIOS FERTIBERIA

e ACTUACIÓN de
MARTA da TROPA



co seu CONTACTOS
"Contos de moitas cores para
que o mundo mellore"

*H*abía unha vez un cole que estaba en mal

estado. Por el pasaran máis de corenta anos e fora resistindo como podía ao paso do tempo e á inclemencia dos fenómenos atmosféricos. Aínda que a poboación medraba e medraba, os políticos que pasaron por diversos gobernos, nunca apostaron pola construción doutro colexio, a pesares de que outras bisbarras da contorna de igual ou menor tamaño, contaban polo menos con dous. Por fin, e despois do arduo esforzo e longas reivindicacións, comezaron as obras dun novo cole que, aínda que so atendería ao alumnado de infantil, liberaría a saturación que o antigo soportaba. Pero os problemas do esgotado colexio non remataran, a súa cuberta estaba en moi mal estado, corroborado incluso por unha inspección técnica da administración. A calor marchaba do edificio polo tellado e polas fiestras polo que as nenas e nenos pasaban frío. Tirábanse un lote de cartos en combustible para queentar o edificio pero non servía de moito. Rogouse por favor que se amañaran esas carencias e outras de menor envergadura para que o alumnado gozara dunhas condicións de estudo propias do primeiro mundo. Dende o Concello dixeran que se encargaría dalgunha obra de carácter menor durante as vacacións do Nadal pero, o que non esperaba o pobre cole, nin a comunidade educativa da vila, foi a resposta emitida dende a Consellería. Coa escusa da situación económica do momento consideraban que xa fixeran bastante con concederlles a honra de gozar dun colexio novo. Así que como había que priorizar gastos e o benestar das nenas e nenos de primaria non era prioritario, e a inversión en ensino público víase que tampouco, o pobre cole protagonista do noso conto, resistiu agonizante ao paso das seguintes xeracións de betanceiros e betanceiras que tiveron que preparar as reválidas nesas condicións.

¿E de verdade rematará así o conto...?.

APROBACION DEFINITIVA DA LEI WERT



CERTAME DE DEBUXO INFANTIL

Escola Aberta ao Futuro

1.- Está aberto á participación de todos os nenos e nenas de segundo ciclo de educación infantil da Área Educativa de Betanzos:

Escolas de Coirós: Escola de Educación Infantil de Coirós de Arriba e Escola de Educación Infantil O Fontelo de Ois.

Escolas de Pañerne: Escola de Educación Infantil de Viñas, Escola de Educación Infantil de Areas e Escola de Educación Infantil de Souto.

Educación Infantil do CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos.

2.- A temática a desenvolver mediante os traballos é A NOSA ESCOLA.

3.- Fixanse dúas categorías: individual e grupo.

4.- Entregarase un diploma acreditativo de participación á aula na que están escolarizados/as os/as autores/as, e seis traballos (un por cada escola) serán seleccionados para a súa publicación como ilustración gráfica do informe ESCOLAS UNITARIAS, ESCOLA DE VANGARDA, ESCOLA ABERTA AO FUTURO.

5.- Os traballos presentaranse a xunto en correo electrónico (formato jpg ou pdf) a escolabertaofuturo@gmail.com no que se indicará o nome, apelidos e idade dos/as autores/as, grupo escolar e nome do/a mestre/a responsable.

6.- O prazo para a admisión de traballos remata o 19 de decembro de 2013 para debuxos realizados na escola e o 8 de xaneiro de 2014 para aqueles realizados no entorno familiar. As deliberacións do xurado realizaranse antes do día 10 de xaneiro.

7.- O Xurado estará formado por integrantes do equipo de redacción do informe ESCOLAS UNITARIAS, ESCOLA DE VANGARDA, ESCOLA ABERTA AO FUTURO. Do que forman parte nais e pais das ANPAs e docentes de todas as escolas participantes.

8.- Os debuxos gañadores daranse a coñecer mediante a súa publicación no Blogue da ANPA Brigantium www.anpabrigantium.blogaliza.com.

9.- A participación no Certame supón a aceptación das bases, así como a decisión do xurado.

Organiza:

ANPA O Cruceiro da EEI de Coirós de Arriba, ANPA O Acivro da EEI O Fontelo de Ois e ANPA Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos.

ESCOLAS UNITARIAS, ESCOLA DE VANGARDA, ESCOLA ABERTA AO FUTURO.

É para as Asociacións de Nais e Pais da escola pública da Área Educativa de Betanzos, unha enorme satisfacción realizar de forma conxunta a convocatoria do **CERTAME DE DEBUXO INFANTIL ESCOLA ABERTA AO FUTURO.**

Estamos a *ANPA O Cruceiro da EEI de Coirós*, a *ANPA O Acivro da EEI Fontelo de Ois* e a *ANPA Brigantium do CEIP Fco Vales Villamarín de Betanzos*, unidas para a salvagarda das escolas unitarias e a potenciación do modelo educativo que sustentan para o segundo ciclo de educación infantil, é dicir para nenos e nenas de 3 a 6 anos.

Este Certame representa o primeiro paso dunha iniciativa de comunicación social máis ampla dirixida ao conxunto da comunidade escolar e á sociedade en xeral, que terá como soporte o informe baixo o título ESCOLAS UNITARIAS, ESCOLA DE VANGARDA, ESCOLA ABERTA AO FUTURO.

Este informe será elaborado de forma colaborativa por un equipo de redacción integrado por nais, pais e docentes das escolas unitarias e do seu centro de referencia, como experiencia de apoio mutuo e aproveitamento das sinerxias derivadas da colaboración para a mellora do ensino.

O **OBXECTIVO** da iniciativa de comunicación social que plantexamos realizar ten unha dobre finalidade:

-**VISIBILIZAR** ante a comunidade educativa o importante labor que teñen realizado historicamente e realizan na actualidade as escolas unitarias na Área Educativa de Betanzos.

-**PRESTIXIAR** ás escolas unitarias como institucións que sosteñen dentro do ensino público un modelo educativo de calidade, e destacar os beneficios do desenvolvemento de toda a súa potencialidade pedagóxica.

A posta en valor das escolas unitarias ten para nós un carácter prioritario, porque no ámbito da Área Educativa de Betanzos teñen unha importancia fundamental para o ensino público de calidade que a sociedade no seu conxunto demanda.

APROBACIÓN DA LOMCE

O pasado 28 de novembro o goberno do PP aprobou no Congreso a LOMCE, sen o voto a favor do resto dos partidos políticos. Como vimos facendo, na Anpa Brigantium queremos mostrar o noso desagrado e preocupación pola aplicación dunha lei que consideramos unha agresión ao dereito á educación. Lamentamos que esta reforma educativa non sexa froito do consenso e que naza sen a aprobación de nais, pais, alumnado e profesorado.

Dende aquel primeiro borrador da LOMCE, dende o nacemento desta lei, claramente privatizadora, confesional, recentralizadora, elitista e segregadora, manifestamos o noso desacordo, rexeitando a súa aprobación. Por medio deste boletín, do noso blogue e do facebook foron continuas as nosas mostras de preocupación pola implantación da LOMCE. Tratamos de animar ás familias á participación na defensa do ensino público, informando das consecuencias dunha lei antipedagóxica, que constitúe un ataque aos dereitos fundamentais. A pesar de que en moitas ocasións sentimos o desánimo pola escasa participación das nais e pais nos actos e charlas que organizamos, participamos ou apoiamos, incluídas as relacionadas con esta cuestión tan importante e que nos afecta tan directamente, comprobamos con satisfacción que un 60% das familias da nosa comunidade educativa secundaron a folga xeral contra a LOMCE o pasado 24 de outubro, tal e como xa comentamos no boletín anterior.

As múltiples protestas rexeitando os recortes en educación e os sucesivos actos en contra desta lei non impediron a súa aprobación. A partir de agora iremos vendo como se vai desenvolvendo a LOMCE, que en primaria comezará a aplicarse o próximo curso. Coma sempre, os nosos esforzos seguirán no camiño da defensa dunha educación xusta, que non expulse do sistema aos sectores máis desfavorecidos da sociedade.